

**Instrucións para inscribirse nas PROBAS DE CLASIFICACIÓN ● XUÑO 2010****O PRAZO DE INSCRICIÓN É DO 1 AO 8 DE XUÑO****O ALUMNADO que desexe inscribirse deberán presentar estes documentos na secretaría da EOI:**

- 1. IMPRESO DE INSCRICIÓN** debidamente cuberto (un por cada idioma no que se inscribe)
- 2. DNI OU PASAPORTE e FOTOCOPIA**
- 3. DECLARACIÓN EXPRESA** de non estar nin ter estado matriculado no/s idioma/s no/s que se inscribe no curso actual (2009/10) nin no anterior (2008/09).
- 4. RESGARDO DA FOLLA DE LIQUIDACIÓN DE PREZOS** selada pola entidade bancaria.

O importe é de 15 € por idioma,*excepto nos casos con dereito a bonificación ou exención, nos que se achegará a seguinte documentación:*

- **Familia Numerosa: orixinal e copia do título** (bonificación do 50% do importe para a categoría xeral e exención do importe íntegro para a categoría especial).
- **Funcionarios da Consellería de Educación: certificado de exención de taxas** expedido pola Xefatura Territorial; non é válido o certificado expedido polo centro no que está destinado (exención do importe íntegro).
- **Discapacidade: certificado de discapacidade** (exención do importe íntegro)

IMPORTANTE:

A proba de clasificación é un sistema de acceso ás EOI para alumnado con coñecementos previos. Esta proba ten por obxectivo identificar o nivel de dominio da persoa candidata que desexa matricularse nas EOI nun nivel superior ao inicial (Básico-1). Porén, non se poderán matricular nestas probas aquelas persoas que estean a cursar o mesmo idioma da proba en modalidade oficial no curso actual (2009/10) ou no inmediatamente anterior (2008/09).

Os resultados da proba manterán a súa validez durante dous (2) cursos académicos en calquera das EOI de Galicia.

A proba de clasificación só é unha proba diagnóstica, polo que en ningún caso garante unha praza no curso seguinte: as persoas candidatas terán que matricularse no nivel ao que accedan seguindo os procedementos establecidos.

A incorporación a un curso superior ao Básico-1 mediante a proba de clasificación non equivale á avaliación positiva dos cursos inferiores.

Calendario das probas de clasificación, ano 2010 (todas no mes de XUÑO):

IDIOMA e PROBA	DÍA	HORA*
ALEMÁN (proba escrita)	venres 11	16:00 – 18:30 h
ALEMÁN (probas orais)	luns 14	16:00 – 20:00 h
ESPAÑOL (proba escrita)	xoves 17	16:00 – 18:30 h
ESPAÑOL (probas orais)	venres 18	10:00 – 14:00 h
FRANCÉS (proba escrita)	xoves 10	16:00 – 18:30 h
FRANCÉS (probas orais)	martes 15	9:30 – 14:00 / 16:00 – 20:00 h
GALEGO (proba escrita)	venres 11	12:00 – 14:30 h
GALEGO (probas orais)	venres 11	10:00 – 12:00 h
INGLÉS (proba escrita)	luns 14	18:30 – 21:00 h
INGLÉS (probas orais)	xoves 17	9:30 – 14:00 / 16:00 – 20:00 h
ITALIANO (proba escrita)	xoves 10	12:00 – 14:00 h
ITALIANO (probas orais)	martes 15	16:00 – 20:00 h
PORTUGUÉS (proba escrita)	luns 14	16:00 – 18:30 h
PORTUGUÉS (probas orais)	venres 11	10:00 – 14:00 h

* Notas: as convocatorias nominais para as probas orais publicaranse con posterioridade.

Toda a información en www.eoisantiago.org.